

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO - CONCRECIÓN CURRICULAR

IES XULIÁN MAGARIÑOS, NEGREIRA

APROBADA EN CLAUSTRO O 3 DE ABRIL DE 2019

PEC CONCRECIÓN CURRICULAR

Orixinal	Nome	Data
Elaborado por	Clara Cristela Rodríguez Núñez	Abril 2019
Revisado por	Equipo directivo	Setembro 2018-abril 2019
Aprobado por	Claustro e Consello Escolar	Abril 2019

TÁBOA DE REVISIÓNS			
Revisión	Inicio vixencia	Descrición Cambios	Informado e Aprobado
V 1.1 Clara Cristela Rodríguez Núñez	24/01/2022	Eliminar apartado 3 (criterios para dar título de ESO en FP Básica) para adaptarse á LOMLOE Cambios no apartado 4 para a concesión da matrícula de honra en 4º ESO.	Claustro 24/01/2022 Consello Escolar 25/01/2022
V1.2. Clara Cristela Rodríguez Núñez	7/03/2022	Cambios no apartado 4 para a concesión da matrícula de honra en 4º ESO para adaptarse á ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia	Claustro 7/03/2022 Consello Escolar 15/03/2022
V1.3. Clara Cristela Rodríguez Núñez	06/04/2022	Cambios no apartado 1 para adaptar a titulación de 4º ESO á ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.	Claustro 06/04/2022
V1.4. Clara Cristela Rodríguez Núñez	16/06/2022	Apartado 6: Oferta de optatividade	Claustro 16/06/2022

ÍNDICE DE CONTIDOS

PEC CONCRECIÓN CURRICULAR	1
1. TITULACIÓN 4º ESO E CONTRIBUCIÓN DE CADA MATERIA ÁS COMPETENCIAS CLAVE	4
1.2. CALENDARIO FIN DE CURSO 2021-22	5
ESO	5
BACHARELATO	5
2. PROCEDIMENTOS DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS EN BACHARELATO	6
3. CRITERIOS XERAIS PARA A CONCESIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA	7
2º de Bacharelato	7
4º de ESO	7
4. AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES	8
5. OUTROS ASPECTOS CURRICULARES	8
6. OFERTA DE OPTATIVIDADE	9

1. TITULACIÓN 4º ESO E CONTRIBUCIÓN DE CADA MATERIA ÁS COMPETENCIAS CLAVE

Segundo a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Para concretar estes criterios, acórdase crear unha ferramenta na que todo o profesorado de 4º ESO outorgará unha puntuación numérica a cada unha das competencias clave, sendo despois ponderadas segundo as seguintes porcentaxes:

- **COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:** LINGUAS (75%), resto (25%)
- **COMPETENCIA MATEMÁTICA E CIENCIA E TECNOLOXÍA:** MATEMÁTICAS, BIOLOXÍA, FÍSICA E QUÍMICA, CULTURA CIENTÍFICA, TECNOLOXÍA, TIC (90%), resto (10%)
- **COMPETENCIA DIXITAL:** TIC (50%), resto (50%)
- **APRENDER A APRENDER: TODAS MEDIA**
- **COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS: TODAS MEDIA**
- **SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR:** IAEE (50%), RESTO MEDIA
- **CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS:** XEOGRAFÍA E HISTORIA, CULTURA CLÁSICA, FILOSOFÍA, MÚSICA, LINGUAS, EPVA (80%) Resto (20%)

Esta ferramenta trasladará a cualificación dada nas competencias clave aos obxectivos de etapa directamente relacionados con elas, de forma que para obter o título en secundaria o alumnado deberá obter unha puntuación de 5 en tódalas competencias clave e un aprobado en todos os obxectivos de etapa.

A ferramenta estará dispoñible on-line para todo o profesorado con anterioridade ás datas de avaliación, e seguirá o modelo que se presenta **no Anexo I**.

1.2. CALENDARIO FIN DE CURSO 2021-22

ESO

Ao longo do curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase a partir do 6 de xuño. O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación segundo o modelo do **Anexo II (ou modelo que determine a Consellería)**. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso segundo se estableza nas programacións de cada departamento.

BACHARELATO

Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. A avaliación final ordinaria realizarase a partir do 18 de maio para 2º de BAC e do 6 de xuño para 1º de BAC. A extraordinaria será para ambos a partir do 22 de xuño.

No segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias.

No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría, non podendo realizarse cambios na cualificación do alumnado xa aprobado na avaliación ordinaria.

2. PROCEDIMENTOS DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS EN BACHARELATO

No **Anexo VI do Decreto 86/2015** recóllese unha serie de materias que implican continuidade dentro do Bacharelato. Esta continuidade supón que *“a superación das materias de 2º curso está condicionada á superación das materias correspondentes do 1º curso... Non obstante o alumnado poderá cursar en segundo curso materias condicionadas á superación de materias non cursadas en 1º curso... “* por algún dos seguintes procedementos:

1. **Cursando como pendentes e superando as correspondentes materias de 1º:**

Este procedemento é **obrigado** para todas as materias **troncais xerais** incluídas no **anexo VI** que deben ser cursadas e cualificadas obrigatoriamente:

1. **Lingua Galega e Literatura I**
2. **Lingua Castelá e Literatura I**
3. **Matemáticas I**
4. **Primeira Lingua Estranxeira I**
5. **Latín I**
6. **Matemáticas Aplicadas ás CC. Sociais I**

Este mesmo procedemento pode empregarse para o resto das materias de continuidade incluídas no **Anexo VI**.

As materias cursadas e superadas por este procedemento computarán en todos os casos como materias esixibles para a obtención do título.

2. **Acreditando coñecementos previos suficientes**

Este procedemento pode levarse a cabo coas materias que non sexan troncais xerais incluídas no **Anexo VI** e desenvolverase de acordo cos seguintes criterios:

- a) O **departamento** correspondente deberá adoptar *criterios obxectivos e avaliábeis* fixando o **grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación e dos estándares** para superar a materia de 1º curso e deseñando **unha proba** que sirva para acreditar dita consecución
- b) O **profesor** da materia de 2º curso deberá:
 1. Aplicar a proba deseñada polo departamento **antes do comezo das actividades lectivas**
 2. *Deixar constancia mediante dilixencia nos seguintes documentos de avaliación:*
 - *Historial Académico*
 - *Expediente Académico*
 - *Informe persoal por traslado (se fóra o caso)*

As materias acreditadas por este procedemento **NON COMPUTARÁN** en ningún caso como materias esixibles para reunir as condicións necesarias para obter o título nin para a obtención da nota media do bacharelato.

3. CRITERIOS XERAIS PARA A CONCESIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA

2º de Bacharelato

Os alumnos e as alumnas que obtivesen no segundo curso de bacharelato unha nota media igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A dita mención concederáselle un máximo igual ao enteiro máis próximo ao 5 %do total de alumnado deste curso. En caso de que non houberse matrículas de honra suficientes para o alumnado que tivese unha media igual ou superior a 9, os criterios de desempate serían os seguintes:

- Maior nota media no 1º curso de BAC
- Maior nota media na etapa de ESO

4º de ESO

O alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño do cuarto curso, obtivese unha nota media do curso igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de matrícula de honra. Esta distinción concederáse a un máximo igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo no cuarto curso.

En caso de que non houberse matrículas de honra suficientes para o alumnado que tivese unha media igual ou superior a 9, os criterios de desempate serían os seguintes:

- Maior nota media na etapa
- Maior nota media no 3º curso de ESO
- Maior nota media no 2º curso de ESO
- Maior nota media no 1º curso de ESO

4. AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Ao inicio de cada curso os departamentos didácticos informarán ao alumnado dos criterios de cualificación, os instrumentos de avaliación da aprendizaxe e as medidas de reforzo e recuperación previstas para as materias pendentes, segundo o recollido nas respectivas programacións. O departamento didáctico programará probas parciais para verificar a superación desas materias.

5. OUTROS ASPECTOS CURRICULARES

- O profesorado tentará, de forma xeral, non deixar tarefas de martes para o mércores.
- Os exames de avaliación deberán organizarse ao longo de todo o período, evitando a aglomeración dos mesmos nas dúas últimas semanas. Con carácter xeral un grupo non debería ter máis de dous exames no mesmo día, e en ningún caso en horas consecutivas; o profesorado pode consultar as planillas que existen nos taboleiros das clases para mellor organizar o calendario de exames.
- Da mesma maneira, coa excepción do alumnado de 2º de Bacharelato ao que ás veces se lle poñen exames similares aos das probas de acceso á universidade, non é recomendable que estas probas estean calculadas para máis de 50 minutos, obrigando ao alumnado a perder un ou os dous períodos de lecer e mesmo a vir pola tarde.
- O alumnado poderá solicitar á dirección do centro o cambio de modalidade en calquera dos dous cursos de bacharelato. Con carácter xeral, a dita solicitude efectuarase durante os dous primeiros meses do primeiro curso, e antes do comezo das actividades lectivas do segundo curso.
- En calquera dos outros cursos, o alumnado poderá solicitar o cambio de matrícula de unha ou varias materias no prazo dun mes, que se concederá ou non en función da dispoñibilidade de prazas na nova materia elixida.

6. OFERTA DE OPTATIVIDADE

No curso 2022-23 a oferta de optatividade do centro será a seguinte:

- Nos cursos pares de secundaria e bacharelato non haberá cambios con respecto ao curso anterior:
 - 2º ESO:** *Programación*
 - 4º ESO:** ademáis da oferta obrigatoria o centro ofertará dúas segundas linguas estranxeiras, *Francés e Portugués*, e unha *Sección Bilingüe* en inglés de Xeografía e Historia.
 - 2º BAC:** Materias de libre configuración: *Métodos estatísticos e numéricos, Xeografía e Historia de Galicia*, reforzo de *Lingua Castelá*, reforzo de *Bioloxía*
- Nos cursos impares de secundaria e bacharelato, nos que se implanta a LOMLOE:
 - 1º ESO:** as dúas horas de dispoñibilidade do centro serán unha para reforzo de *Lingua Galega* e outra para reforzo de *Matemáticas*.
 - 3º ESO:** ademáis da oferta obrigatoria o centro ofertará dúas segundas linguas estranxeiras, *Francés e Portugués*, e unha *Sección Bilingüe* en inglés de Xeografía e Historia.
 - 1º BAC:** ademáis da oferta obrigatoria o centro ofertará dúas segundas linguas estranxeiras, *Francés e Portugués*, e os reforzos de *Lingua Galega, Física e Química, Bioloxía e Tecnoloxía*. Entre as optativas autonómicas ofertarase a materia de *Linguaxe e práctica musical*.